

- c) Tamén poderanse concertar con persoas físicas ou xurídicas a cesión das instalacións para actuacións determinadas, nas condicións que sinala o Concello de Covelo e realizándose ditas actuacións baixo a exclusiva responsabilidade das persoas contratantes.

#### *ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S*

Os usuarios asumen a obriga de manter as instalacións deportivas en bo estado de conservación, quedando en casos de deterioro ou menoscabo das mesmas, obrigados ó reintegro do custe total dos gastos de reconstrución ou reparación das instalacións, e ó depósito previo do seu importe.

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 183 e seguintes, e as disposicións que a desenvolvan.

#### *DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA*

A presente ordenanza fiscal, que consta de once artigos e unha Disposición Final, entrará en vigor o día da publicación no BOLETÍN OFICIAL da provincia da súa aprobación definitiva e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ó da súa publicación, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Covelo, 26 de setembro de 2012.—O Alcalde, José Costa Díaz.

**2012009139**

\* \* \*

## **GONDOMAR**

### **A N U N C I O**

O Pleno da Corporación Municipal deste Concello, na sesión ordinaria celebrada con data 13 de setembro de 2012, acordou estimar as dúas primeiras alegacións e rexeitar a terceira formuladas durante o prazo de información pública e aprobar definitivamente a Ordenanza Reguladora de Axudas de Emerxencia social. O que se fai público en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 02/04, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), publicándose como anexo o texto íntegro do mesmo, entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no art.65.2 da devandita LBRL:

### **A N E X O**

Os servizos sociais municipais teñen como función fundamental unha das tarefas máis consolidadas no ámbito da protección social que é a de proporcionar atención e axuda a persoas que atravesan unha situación vital de dificultade, derivada, a meirande parte das veces, pola imposibilidade de facer fronte a determinados gastos que, ou ben son necesarios para o mantemento dunha forma de vida compatible coa dignidade a que toda persoa ten dereito ou, que incluso, son precisos, en determinadas ocasións, para a supervivencia. A súa competencia ven determinada de conformidade co previsto no art. 25.2 k na Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases de réxime local e nos art. 60 e 61 en relación cos 4, 8 e 21.2 b) da Lei 13/2008, de 03/12, de servizos sociais da Comunidade autónoma de Galicia. As Administracións Públicas, neste caso o Concello, precisan dispor de unha ordenanza áxil e efectiva, de maneira que poda conciliarse a atención ás persoas en situación de emerxencia social coa normativa e os procedementos propios da Administración Local, que sexan de aplicación. A presente ordenanza trata de aunar ambos requisitos – atención efectiva as necesidades sociais e cumprimento da normativa vixente poñendo especial énfase na axilidade do procedemento, xa que unha parte importante da eficacia da prestación económica reside en que poda ser cuberta con inmediatez. O procedemento a seguir non é o xeral de concorrencia competitiva que fixa a lei 38/2003, de 17/11, xeral de subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais dos beneficiarios as razóns de interese público social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública de conformidade co establecido no artigo 22.2 c) da citada lei. Resulta aplicable igualmente o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do concello.

*TITULO 1.—DISPOSICIONS XERAIS**ARTIGO 1.—RÉXIME XURÍDICO*

A concesión das prestacións municipais baixo a denominación de emerxencia social, se rexirán polo disposto na presente ordenanza e nas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento.

*ARTIGO 2.—OBXECTO*

Constitúe o obxecto desta ordenanza o outorgamento dunha prestación de carácter económico ou en especie, urxente e extraordinaria, destinada a paliar situacións carenciais e transitorias imprevistas ou excepcionais, así como para prever o agravamento das mesmas. Están integradas por prestacións económicas ou en especie, orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral. Están dirixidas a persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios e nas que concorran factores de risco, estando necesariamente incardinadas nun procedemento de intervención social que inclúa unha análise completa e detaiada da situación individual e familiar.

*ARTIGO 3.—CRITERIOS XERAIS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS.*

Para a concesión de axudas económicas teranse que cumprir os seguintes criterios xerais:

- a) Situacións acreditadas de necesidade
- b) Que a necesidade obxecto da axuda sexa valorada pola traballadora social do concello e integrada nun proceso de intervención social.
- c) O pago da axuda efectuarase sempre á entidade ou profesional prestador do servizo. Poderase excepcionar este criterio nos casos debidamente xustificadas no expediente para a cobertura de necesidades básicas como aloxamento, roupa, alimentos, transporte ou outras que poderían ser aboadas ao solicitante.

*ARTIGO 4.—INCOMPATIBILIDADE DAS AXUDAS*

Será incompatible a concesión da axuda económica co disfrute gratuito de servizos que cubran as mesmas necesidades.

Así mesmo non poderán outorgarse axudas polo mesmo concepto que teñan sido concedidas por outras Administracións ou organismos públicos. Exceptuarase este último requisito se a axuda concedida non solventase a necesidade, podendo neste caso complementarse dende esta Administración sen que en ningún caso poda superar o coste total do obxecto da axuda.

*ARTIGO 5.—CLASIFICACIÓN DAS PRESTACIÓNS*

As axudas de emerxencia social recoñécense para ser aplicadas aos gastos orixinados pola seguintes situacións de necesidade, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección:

- a) Necesidades básicas: con carácter xeral aloxamento, alimentos, vestiario, calzado e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria.
- b) Axudas de uso e mantemento de vivenda: gastos de suministros (electricidade, auga, gas), ou de alugamento. Así mesmo, inclúense pequenas reparacións construtivos na vivenda.
- c) Equipamento vivenda: entendéndose como tal, o mobiliario e electrodomésticos básicos e de primeira necesidade.
- d) Outros gastos excepcionais, valorados pola traballadora social do concello, como indispensables para prever a marxinação e favorecer a normalización de individuos e familias

*ARTIGO 6.—CRITERIOS DE VALORACIÓN*

Os criterios a valorar para a concesión destas axudas son os recollidos no artigo 11 desta ordenanza.

*TITULO II.—BENEFICIARIOS DAS AXUDAS**ARTIGO 7.—TIPOS DE BENEFICIARIOS*

Poderán ser beneficiarios destas axudas de emerxencia social as persoas individuais para si ou a súa unidade familiar que formen unidades económicas independentes que reúnan os requisitos que se mencionan no apartado seguinte.

Entenderase por unidade familiar ao conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co/a solicitante por matrimonio, ou calquera outra forma de relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao, ou de afinidade ata o segundo grao.

Malia o anterior, cando nunha mesma unidade de convivencia, existan unha ou máis unidades familiares con menores ao se cargo, considéranse que cada unha delas constitúen unha unidade de familiar independente.

Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que se outorguen en beneficio da unidade familiar.

*ARTIGO 8.—REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS*

1.—Ser maior de idade ou menor emancipado/a.

2.—Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva no concello de Gondomar de forma ininterrompida ao menos con 6 meses de antigüidade no momento da solicitude. Excepcionalmente poderán ser beneficiarios/as aquelas persoas que, previo informe dos/as técnicos/cas municipais de servizo sociais, e non reunindo os requisitos anteriormente mencionados, se atopen nunha situación de necesidade

3.—Acreditar a situación de necesidade.

A estes efectos considérase situación de necesidade:

A inexistencia de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nesta ordenanza, caracterizados por unha situación de insuficiencia de recursos económicos para cubrilas necesidades primarias.

Necesidades provocadas por causa de forza maior caracterizadas por unha dificultade de cubrir necesidades primarias debido a un acontecemento de carácter imprevisto e excepcional que impida a súa cobertura polos medios habituais.

4.—Presentar declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se ten recibido doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada, ou se é o caso, que a axuda recibida doutros organismos non solventou a necesidade.

5.—Non dispor de bens mobles ou inmobles, distintos aos da vivenda habitual, sobre os que poida ter dereito de propiedade, posesión, usufructo ou calquer outro que, polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indique a existencia de medios suficientes para atender a necesidade para a que se solicita a axuda.

6.—Aportar a documentación requerida en cada caso.

*TITULO III.—XESTION E PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS.**ARTIGO 9.—DOCUMENTACIÓN*

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación (en orixinal e copia) de todos os membros da familia.

- Impreso Oficial da solicitude debidamente cuberto ( ANEXO I)
- D.N. I. ou NIE de todos os membros da unidade de convivencia.
- Libro de Familia
- Volante de Empadramento – Convivencia no Concello.
- No caso de separación ou divorcio, sentenza e convenio regulador, así como xustificantes das aportacións do ex- cónxuxe ou no seu defecto, denuncia ou demanda executiva por incumprimento da sentenza.
- Xustificantes de ingresos referidos a todos os membros da unidade económica de convivencia:
  - a) Seis últimas nóminas actualizadas de todos os membros da unidade económica de convivencia.
  - b) Certificados bancarios dos saldos das contas correntes, depósitos, etc.
  - c) No caso de percibir unha pensión por xubilación, viudez, orfandade ou incapacidade, deberá presentarse xustificante do Organismo correspondente.
  - d) No caso de percibir axudas públicas por calquera concepto, deberán aportar certificado o xustificante o respecto do Organismo dende onde se conceda, no seu defecto Certificación negativa (INEM), cando non sexa posible presentar a documentación requirida, achegarase no seu lugar declaración responsable a tales efectos.
- Documentos orixinais acreditativos da situación de necesidade determinante da solicitude, así como xustificante do seu custo.
- Orzamento detallado do gasto para o que se solicita a axuda. Con carácter xeral e cando a natureza ou entidade do gasto en que consista a axuda, así o requiran, solicitaranse tres orzamentos detallados do gasto.
- Prescrición médica emitida polo/a facultativo/a responsable nos casos de axudas para medicación esencial, tratamentos especializados, ortopedia, prótesis, etc
- Autorización de datos da conta bancaria do/a beneficiario/a.
- Contrato de aluguer
- Certificado/s de minusvalía.
- Certificado de vehículos e do I.B.I
- Calquera outro documento que poidan solicitar dende o departamento de servizos sociais.

O/a solicitante autorizará ao Concello para solicitar e obter información doutras Administracións que sexa necesaria para a tramitación da solicitude, así como para obter información sobre a súa situación patrimonial. Así mesmo, asinará unha declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non ten recibido doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada, ou se é o caso, que axuda recibida doutros organismos non solventou a necesidade.– ANEXO II.–

#### ARTIGO 10.–PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS.

- a) As solicitudes xunto coa documentación esixida presentaranse no Rexistro municipal, segundo o modelo que se adxunta (ANEXO I), asinando autorización e consentimento para recadar os documentos que obren no seus servizos, así como a información adicional que se considera necesaria para completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través de calquera dos medios previstos na Lei 30/92, de 29 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes que se presenten se dirixirán ao Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Gondomar, para o seu traslado ao departamento de servizos sociais dende onde se remitirán ao departamento de intervención, coa finalidade de verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente en atención a natureza do gasto pretendido e, no suposto de tratarse de pequenas reparacións nunha vivenda que estén suxeitas a licenza de obra, se lles dará traslado igualmente ao arquitecto superior/arquitecto técnico municipal ao fin de que emitan informes sobre a oportunidade da obra pretendida e os trámites que son necesarios para a concesión da licenza.

Así mesmo se poderá iniciar tamén de oficio mediante informe emitido polos técnicos municipais de servizos sociais, que iniciará o expediente a todos os efectos.

- b) Estudio e valoración da petición, ou da situación no caso de terse iniciado de oficio, e das circunstancias familiares por parte da traballadora social que necesariamente incluíra a realización da Historia Social Familiar e o Deseño de Intervención Social personalizada.
- c) Elaboración do informe –proposta do/a traballador/a social no que se porá de manifesto a problemática, a demanda, e se o/a solicitante cumpre, ou non, os requisitos sinalados para recibir a axuda solicitada avaliando a situación de necesidade da concesión da axuda e contía, que deberá ser presentado a/o concelleira/o. O informe recollerá a proposta, debidamente xustificada, de concesión ou denegación da axuda.
- d) O/a concelleiro/a delegado/a de área ao que corresponda a dirección e xestión do departamento de servizos sociais, a vista do informe social e de Intervención, e no seu caso, do arquitecto superior ou arquitecto técnico, con carácter inmediato ditará unha proposta de tramitación do expediente ou, pola contra, ditará unha proposta de denegación da axuda económica solicitada. A proposta será elevada ao Sr. Alcalde para a súa resolución definitiva.
- e) Notificación ao solicitante da resolución definitiva do procedemento nos termos sinalados na lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. No suposto de concesión da axuda deberá constar expresamente a contía concedida, así como os medios de xustificación do gasto.
- f) Xustificación das axudas segundo o establecido no artigo 13 desta ordenanza.
- g) Serán os servizos sociais municipais os que fagan o seguimento das situacións de necesidade protexida polas axudas de emerxencia, así como o destino dado ás mesmas; e poderán solicitarlle aos/as beneficiarios /as a información ou documentación necesaria para poder exercer dita función de forma axeitada.

#### TITULO IV.–CRITERIOS DE VALORACION

##### ARTIGO 11.–INDICADORES

###### a) *Indicador económico*

En ningún caso os ingresos mensuais da unidade familiar, per cápita, poderán superar o IPREM vixente.

A súa aplicación ven determinada en función do sinalado no IPREM Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples ( IPREM) anual e os complementos fixados segundo número de membros da unidade familiar en función, cada ano, no disposto na lexislación reguladora da renda de inserción social de Galicia.

Para determinar os ingresos a partir dos cales procede o recoñecemento das axudas, terase en conta os ingresos de toda a unidade familiar:

- a. Computarase como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos líquidos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outro título, nos 6 meses anteriores á data de solicitude; terase en conta a última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, cando esta non proceda ou non sexa obrigatorio realizala, acreditaranse os ingresos por certificación dos organismos correspondentes.
- b. A existencia de propiedades de natureza rústica ou urbana, excluída a vivenda habitual, que poidan ser obxecto de alleamento ou aluguer.
- c. No caso de existencia de recursos diñeirais depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% da cantidade depositada.
- d. Para o cómputo final dos ingresos descontaranse os alugueres e hipoteca da vivenda , ata o límite de 300 euros mensuais.

## LIMITES APLICABLES

NUMERO DE MEMBROS	CONTIA IPREM ANUAL	PORCENTAXE INCREMENTO
1	7.455,14 euros	0
2	8.770,75 euros	+ 15%
3	9.854,77 euros	+ 11,%
4	10.711,71 euros	+ 8,%
5 e seguintes	+ 8,%	

*b) Situación de risco e/ou exclusión social:*

Se valorarán as situacións de desatención ou problemas conductuais nos menores que integran a unidade familiar; situacións carenciais ou de conducta desadaptada que afectan aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar; situacións de violencia de xénero e outras circunstancias de risco non recollidas nos ítems anteriores.

*ARTIGO 12.—CONTÍA DA AXUDA*

As contías máximas da axuda en función das circunstancias apuntadas na cláusula anterior, serán por unidade familiar.

- Necesidades básicas: con carácter xeral aloxamento, alimentos, vestiario, calzado e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria. Ata un máximo de 600 euros anuais.
- Axudas de uso e mantemento de vivenda: gastos de suministros (electricidade, auga, gas), ou de alugamento Así mesmo inclúense pequenas reparacións na vivenda. Ata un máximo de 1.200 euros anuais.
- Equipamento vivenda: entendéndose como tal, o mobiliario e electrodomésticos básicos e de primeira necesidade. Ata un máximo de 600 euros anuais.
- Outros gastos excepcionais, valorados pola traballadora social do concello, como indispensables para prever a marxinação e favorecer a normalización de individuos e familias

*TITULO V.—XESTION ORZAMENTARIA E XUSTIFICACIÓN.**ARTIGO 13.—XUSTIFICACIÓN DO GASTO.*

A xustificación do gasto se acreditará mediante as facturas dos pagos e gastos realizados que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos, ou mediante outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil.

Intentarase, na medida do posible, realizar o pago ao acredor do servizo en función das características da emerxencia. Se isto non é posible ou dificulta a tarefa administrativa realizarase o pago ao petionario que disporá dun prazo máximo de 8 días para xustificar -mediante factura- o importe da axuda.

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto nos termos indicados no presente artigo poderá constituir unha infracción sancionable de conformidade co disposto nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e, en todo caso, poderá supoñer a perda, durante un prazo de dous anos, da posibilidade de obter a subvención por emerxencia social descrita na presente ordenanza, por parte da Administración Municipal.

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polo/a beneficiario/a da axuda, así como destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o impedimento dunha nova solicitude por un período de dous anos.

*ARTIGO 14.—DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA*

A dispoñibilidade orzamentaria destas axudas virá dada polo establecido no orzamento municipal anual, na partida consignada a tal efecto.

O prazo de petición manterase permanentemente aberto, suxeito, en todo caso, á existencia de consignación orzamentaria para facer fronte ao custo das axudas en cada un dos exercicios orzamentarios.

*Disposición final única*

A presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia do Acordo plenario de aprobación definitiva. De non presentarse reclamacións e suxerencias, entenderase aprobado o acordo ata ese momento provisional.

**EXPEDIENTE \_\_\_\_\_**

**ANEXO I**

**SOLICITUDE AXUDA MUNICIPAL PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL**

**DATOS DO SOLICITANTE**

<b>APELIDO 1º</b>	<b>APELIDO 2º</b>	<b>NOME</b>	
<b>DATA NACEMENTO</b>	<b>PAIS NACEMENTO</b>	<b>D.N.I</b>	<b>MINUSVALÍA</b>
<b>ENDEREZO</b>		<b>C. POSTAL</b>	<b>TELÉFONO</b>

**COMPOSICION DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>E.C.</b>	<b>DATA NACEMENTO</b>	<b>PARENTESCO</b>	<b>SITUACION LABORAL</b>	<b>INGRESOS MENSUAIS</b>
					<b>TOTAL:</b>